

SR/A ALCALDE/ALCALDESA DO CONCELLO DE _____

A Organización Galega de comunidades de montes veciñais en man común (ORGACMM), SOLICITA PARA DEBATE EN SESIÓN PLENARIA A SEGUINTE PROPOSTA:

Os montes veciñais en man común ocupan a cuarta parte do territorio galego e están xestionados pola veciñanza comuneira entendida non como ente administrativo, senón como grupo social. Conforman así, unha titularidade singular de Galiza dado o seu carácter de titularidade xermánica.

Organismos internacionais como a ONU e a FAO manifestan que o futuro dos montes pasa por avanzar cara unha tenencia máis xusta destes territorios, evitando a acaparáción dos mesmos en poucas mans e dando protagonismo na xestión aos titulares dos montes.

A posta en valor dos montes veciñais en man común debe levarse adiante de xeito multinacional e sustentable. Conxugando polo tanto territorio, persoas e gobernanza. Neste senso, o funcionamento asembleario e democrático das comunidades de montes encaixa perfectamente nestes postulados. Estes prantexamentos veñen sendo reais nos montes veciñais galegos dende tempos inmemoriais.

Os montes veciñais en man común son, e deben seguir sendo, espazos abertos. As súas funcións sociais, medioambientais e culturais deben beneficiar a sociedade galega no seu conxunto.

Maila todo o exposto anteriormente, dende fai unha década, estase modificando diversos artigos da lei de montes veciñais e da lei de montes de Galiza. Promulgáronse ademais leis colaterais (lei de simplificación administrativa, lei de fomento empresarial) que teñen por obxectivo expropiar á veciñanza comuneira a xestión das súas terras para entregarlhas a terceiros. Tamén está previsto a modificación da lei de montes veciñais actualmente vixente co obxectivo de desnaturalizar os montes veciñais eliminando a súa característica de titularidade comunal para convertilos en titularidades de carácter privado.

Por estas razóns, a *Comisión promotora da ILP-Lei de montes veciñais en man común* está promovendo mediante unha Iniciativa Lexislativa Popular, que o Parlamento Galego debata e aprobe unha lei de montes veciñais baseada nas seguintes liñas fundamentais:

- Reforzar o carácter xermánico da titularidade veciñal e recoñecer a titularidade veciñal como unha máis e distinta das titularidades pública e privada.
- Considerar os aproveitamentos e usos dos montes veciñais como aproveitamentos e usos dos montes veciñais.
- Acadar un monte veciñal multifuncional e sustentábel ao servizo da veciñanza comuneira e a sociedade no seu conxunto .
- Recoñecer os montes veciñais como unha figura de protección medioambiental e cultural en si mesmos.

Por todo o exposto, a *Comisión Promotora da ILP-Lei de montes veciñais en man común* SOLICITA A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO :

O apoio da corporación municipal do concello de _____ a Iniciativa Lexislativa Popular (anexada a documentación), promovida pola ORGACMM para a elaboración de unha lei de montes veciñais.